

Acordos do pleno do Consello Social do ano 1992

Relativos a asuntos de organización, infraestrutura e económico-presupostarios

- Tivo coñecemento da Memoria Económica correspondente ó ano 1990.
- Aprobación das Taxas do Instituto de Criminoloxía.
- Aprobación das Taxas dos Cursos de Posgrao: "Análise Físico-Químico e Microbiolóxico de alimentos", "Cooperativismo", "Máster en logopedia (especialista en trastornos da audición e da linguaxe)", "Tecnoloxía do medio ambiente", "Curso Superior de saúde pública".
- Aprobación dos cadros de persoal funcionario e laboral.
- Adxudicación directa do contrato de bens de equipo destinados ó Servicio de R.M.N. da Comunidade Autónoma.
- Aprobación dos Presupostos da Universidade de Santiago de Compostela para o exercicio 1992.
- Aceptación do Informe sobre a análise da situación económica da Universidade de Santiago de Compostela.
- Aceptación do Informe sobre a análise do Plan de Financiamento da Universidade: situación actual e perspectivas.
- Encargo á empresa NORCONSULT dun Estudio organizativo da Universidade de Santiago de Compostela e análise posterior do seu informe.
- Aprobación da modificación na relación dos postos de traballo do P.A.S.
- Aprobación da oferta pública de emprego de 1992.
- Aprobación das transferencias de créditos do Capítulo II (gastos correntes) ó Capítulo VI (gastos de capital).
- Tivo coñecementos dos créditos incorporados ó presente exercicio como consecuencia dos remanentes xerados no exercicio 1991.
- Aprobación da distribución do presuposto interno do Consello Social para o exercicio 1992.
- Adxudicación do contrato de bens de equipo destinados ó Instituto de Cerámica da Facultade Farmacia da Universidade de Santiago de Compostela.
- Aprobación da contratación dos estudos das auditorías das contas da Universidade dos exercicios 1990 e 1991

Relativos a asuntos académicos e de investigación

- Análise sobre as titulacións existentes e futuras da Universidade de Santiago de Compostela.
- Emitiu informe sobre a solicitude formulada pola Xunta de Goberno da Universidade de creación na Universidade de Santiago de Compostela da Escola politécnica no campus de Lugo cao denominación de "ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR".

- Emitiu informe favorable sobre a solicitude formulada pola Xunta de Goberno da Universidade de creación do 2º CICLO DA TITULACIÓN DE ENXEÑEIRO DE MONTES no campus de Lugo.
- Emitiu informe favorable sobre a solicitude formulada pola Xunta de Goberno da Universidade de creación do INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN E ANÁLISE ALIMENTARIA.
- Colaboración do Consello Social coa Escola Universitaria de Estudos Empresariais da Universidade da Coruña no Encontro Europeo de Estudos Empresariais, celebrado os días 19-20 de xuño de 1992.